

INSTRUCIÓNS PARA ENVIAR AS SOLICITUDES DE EMPREGO A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA

<u>Antes de comezar</u>: Para poder realizar este trámite a través da Sede Electrónica da Xunta require previamente contar cun sistema de identificación (Chave365, Certificado Electrónico ou Cl@ve/Cidadáns UE) e ter o programa Autofirma (<u>https://firmaelectronica.gob.es/Home/Descargas.html</u>) instalado no seu ordenador.

IMPORTANTE: Antes de adxuntar a documentación requirida para a praza, lembre que o Modelo de Solicitude ten que estar firmado dixitalmente.

Una vez conte cos requisitos técnicos indicados, siga os seguintes pasos:

- Dírixase á URL <u>https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitude-xenerica</u> (ou dende <u>https://sede.xunta.gal</u> pulse no menú superior "Trámites" e despois "Solicitude xenérica").
- 2. Pulse o botón laranxa "Tramitar en liña":

rámites	A sede	Para quen?	Axuda		A miña sede								
† / Trámites	 / Solicitude xenérica 	*			Volver								
\times		Solicitu	de xenérica										
Trámites Guía de procedementos e servizos Chave365		Permite presentar electronicamente unha solicitude, escrito ou comunicación cando estes trámites non teñan establecido un sistema ou modelo específico. Debe dirixirse a departamentos, organismos autónomos ou entidades públicas da Xunta de Galicia. Escoiar 40											
							Verif docu	icación de mentos asinados	Se o trámite que	a vai realizar ectá relacionado cun nro	cedemento definido na quía de proced	lementos e servizos	
							Descarga de certificados		se o tranné que va realizar esta reactoriado cun procedentento de indo a guía de procedententos e sel vicos, terá que utilizar obrigatoriamente o sistema ou modelo específico indicado na guía e nugar do modelo xenérico. Polo tanto, recomendámoslle que busque o modelo específico para o trámite que vai realizar na guía				
Prese	entación de stións e queixas	de procedement Pode presentar	tos e servizos, e só no caso de non ato unha solicitude xenérica mediante o s	palo, utilice a solicitude xenérica. ervizo PR004A - Presentación electró:	nica de solicitudes.								
Solic	itude xenérica	escritos e comu	nicacións que non conten cun sistema	a electrónico específico nin cun model	o electrónico								
Mode	elos xenéricos	As persoas inter	resadas deberán achegar todos os dat	os necesarios, previstos no formulario	de inicio do servizo.								
Notif elect	icacións rónicas	para a remisión axeitadamente	electrónica de solicitudes, escritos o	a comunicacións e, en particular, debe nistración xeral e do sector público au	rán identificar tonómico de Galicia								
Pago	de taxas	a quen dirixen a	documentación.										
Rexis Xeral Apod	tro Electrónico de eramentos de		Tramitar en lir	a Jáis información									

- 3. Identifíquese con algunha das credenciais dispoñibles: Chave365, Certificado Electrónico ou Cl@ve/Cidadáns UE.
- 4. Cubra a pantalla de solicitude seguindo os seguintes pasos:
 - Indique as súas preferencias de notificación e agregue os datos que considere necesarios.

O Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.



b. Indique na sección de "ASUNTO RELACIONADO" o posto o que solicita: "Solicitude para a participación na convocatoria do proceso selectivo XXXX, no posto de referencia YYYY" (copiar <u>a referencia</u> do posto no que desexa participar publicado no Anexo II das Bases da convocatoria). Se quere optar a varias prazas, ten que enviar unha solicitude independente por cada praza. Si se ofertan varias vacantes para un mesmo tipo de posto, indique todas as referencias seleccionadas. Amósanse un par de exemplos nas imaxes seguintes.

/	ASUNTO RELACIONADO			
	Solicitude para a participación na convocatorio do proceso selectivo , nos postos de referencia:			
Solicitude para a participación na convocatorio do proceso selectivo , nos postos de referencia: ASUNTO RELACIONADO				
	Solicitude para a participación na convocatorio do proceso selectivo , no posto de referencia			

c. Indicar a organización á que vai destinada a solicitude. Para elo haberá que indicar no despregable a "Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional" e o "Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)", como amosa a seguinte imaxe.

DESTINATARIO		
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN 💌	CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA)	•

- d. Cubra como considere convinte as sección "EXPÓN", "Polo tanto, SOLICITA" e "DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA"
- e. Pulsar no botón laranxa inferior "Continuar".
- 5. Engada a documentación requirida a praza á que se presenta, e que aparece indicada nas bases.
- 6. Pulse no botón laranxa inferior "Continuar".
- 7. Rematar o proceso firmando co programa **autofirma** a solicitude.
- 8. Se fora preciso, unha vez finalizada a solicitude poderá adxuntar nova documentación accedendo ao procedemento correspondente xenerado a través da sua sede electrónica.